



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 10 DE XANEIRO DO 2019.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Anxo Orellan Fernández D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor.: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: D^a M^a Herminia Pouso Maneiro
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día dez de xaneiro do dous mil dezanove, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	08/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de materiais e asistencia técnica na organización do acto polo clima e a enerxía o 11/01/2019 no Salón de Actos da Lonxa de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (09/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÓSCAR ROMERO MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52932383E			
Importe (IVE Incluído):	986,15 €			
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.			

Nº Proposta		2	Data	08/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal – Servizo de Orientación Laboral Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación da caldeira do Viveiro de Empresas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HERBER INELCA, S.L.	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (09/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		HERBER INELCA, S.L.		
NIF/CIF:		B70474754		
Importe (IVE Incluído):		175,45 €		
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministros e servizos.		

Nº Proposta		3		Data	08/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Xuventude Anxo Orellán Fernández			
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación da caldeira da Casa da Xuventude			
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ELECTRO VIDAL, S.L.		
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (09/01/2019)				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.					
Denominación:		ELECTRO VIDAL, S.L.			
NIF/CIF:		B70160783			





Importe (IVE Incluído):	133,10 €
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.

Nº Proposta		4	Data	07/01/2019
SERVIZO/CONCELLERÍA		Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño		
DESCRICIÓN DO GASTO		Asistencia xurídica en expediente de tramitación de ocupación directa dos terreos anexos a parcela municipal (Futuro Auditorio) para destinalos a viario		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	CARLOS ABAL LOURIDO	
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (09/01/2019)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		CARLOS ABAL LOURIDO		
NIF/CIF:		36082782Z		
Importe (IVE Incluído):		1.694,00 €		
Observacións:		A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta		5	Data	07/01/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía - Concellería de Cultura Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gasto en concepto de Gratificacións (3.650,00 €) e premios (2.350,00 €) co motivo da celebración do Festival de Murgas e Comparsas - Entroido 2019		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	6.000,00 €			
Observacións	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar as <u>bases</u> de participación no Festival de Murgas e Comparsas - Entroido 2019, a celebrar o 03/03/2019.			

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 09/01/2019, en relación ao escrito presentado por [REDACTED], de data 27/12/2018 (Rexistro de entrada nº 18.310), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao





programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, María del Pilar García Sampedro, de data 09/01/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a [REDACTED] unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **121,56 €**, para sufragar os gastos derivados do pago de débeda de subministración eléctrica (pago a provedor según proposta), así como a concesión da renda social municipal por **399,00 €/mes**, durante o período de 6 meses (Total 2.394,00 €).

III.- CONTRATACIÓN.

1.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO DO ESPAZO DA PLANTA SEGUNDA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA, CON DESTINO A ESCOLA DE HOSTALARÍA.”

Expediente : C_OB000018

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría”**, cun orzamento total de licitación de 208.541,06 euros (orzamento base 172.347,98 euros; IVE 21%: 36.193,08 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 05/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A.62221, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada na data 08/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 09/11/2018.

Á vista do informe emitido polo auxiliar administrativo adscrito a oficina de contratación, Ángel Manuel Pena Romy, na data 05/12/2018, e da documentación existente na mesma oficina, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/11/2018, co número 16.795.
- 2) Construccións Xela Barbanza, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2018, co número 17.069.
- 3) Elecnor, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co





número 17.098, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.

4) Constructora e Ingeniería Messi, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co número 17.103, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.

5) Obras Gallaecia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/11/2018, co número 17.110, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.

6) Degalle Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 03/12/2018, co número 17.197, presentada a través da oficina de correos na data 29/11/2018.

O acto público da apertura do sobre único que contén a declaración responsable e a oferta económica de cada un dos licitadores presentados a esta contratación, realizouse pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 11/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	CORRECTA	140.377,43 €
Construccións Xela Barbanza, S.L.	CORRECTA	168.929,91 €
Elecnor, S.A.	CORRECTA	150.690,83 €
Constructora e Ingeniería Messi, S.L.	CORRECTA	151.493,87 €
Obras Gallaecia, S.L.	CORRECTA	149.864,96 €
Degalle Construcciones, S.A.	CORRECTA	126.675,77 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador “Degalle Construcciones, S.A.”, debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 11/12/2018, acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, realizouse na data 12/09/2018, mediante correo electrónico.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa requirida (que tivo entrada no rexistro xeral na data 19/12/2018 co número 18.018).

Con data 03/01/2019 o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emitiu *informe relativo ao proceso de valoración das ofertas presentadas – sobre C – no procedemento aberto (multiplicidade de criterios de valoración) para a adxudicación das obras Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal con destino a Escola de Hostalaría*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polo ofertante e onde expón os motivos especialmente vantaxosos que o levaron a formular a súa oferta, e toda vez que a mesma susténtase nunha rebaixa substancial das distintas partidas que conforman a totalidade da obra, debo manifestar a miña desconformidade ao respecto, e fundamentado no seguinte:

1.- Esta obra ofrece unha certa complexidade no seu proceso construtivo e coa intervención de oficios e traballos especializados e a complexidade que impoñen as instalacións proxectadas, e que requiren unha programación secuenciada, rigorosa e dunha





importante complexidade técnica.

2.- Coñecendo a secuencia dos traballos a xestionar no desenvolvemento evolutivo da obra, a complexidade da execución deste tipo de traballos e a propia experiencia profesional deste técnico na dirección de obras análogas e/ou similares, teño a ben de concluír que a presente obra non se pode executar coas garantías esixibles e tendo en conta a proposta de prezos ofertados, polo que non se considera viable.

E segundo o exposto propón “rexeitar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa “Degalle Construcciones, S.A.”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 08/01/2019.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Excluír da licitación á empresa “Degalle Construcciones, S.A.” por non considerar xustificada a súa oferta económica, de acordo co informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 03/09/2019 e considerando a documentación aportada pola empresa como xustificación da súa oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Acondicionamento do espazo da planta segunda do mercado municipal de Riveira, con destino a Escola de Hostalaría”, do seguinte xeito:**

Orde	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	140.377,43 €
2	Obras Gallaecia, S.L.	149.864,96 €
3	Elecnor, S.A.	150.690,83 €
4	Constructora e Ingeniería Messi, S.L.	151.493,87 €
5	Construccións Xela Barbanza, S.L.	168.929,91 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **requirir á empresa “Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.” que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as





Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

2.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DO MODIFICADO DO PROXECTO DE REORDENACIÓN DA AVENIDA DO MALECÓN E PAVIMENTACIÓN DA ZONA INFANTIL DO PARQUE GARCÍA BAYÓN (RIVEIRA).

A alcaldía mediante decreto de data 04/12/2017 resolveu aprobar o proxecto técnico para realizar as obras de "Reordenación da avenida do malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)", redactado pola enxeñeira municipal Uxia Landeira Pereira en data xullo de 2017.

O obxecto do contrato está cofinanciado en un 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) mediante o Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020.

A adxudicación do contrato realizouse pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 08/03/2018 a favor da empresa "Canarga, S.L." (B-15360902), por un prezo total do contrato de 701.400,00 euros (Base: 579.669,42 euros; IVE 21%: 121.730,58 euros), e con un prazo de execución de 165 días naturais.

O correspondente contrato administrativo asinouse en data 16/03/2018.

Con data 03/04/2018 tivo lugar a sinatura do acta de comprobación do replanteo, comezando coa execución dos traballos proxectados.

Na data 29/05/2018 asinouse unha acta de paralización parcial das obras.

Na data 05/10/2018 asinouse a acta de reinicio tras a paralización parcial das obras.

Na súa sesión da data 27/09/2018, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto modificado do proxecto de reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón, con un presuposto modificado de 0,00 euros.

Visto o escrito presentado polo representante da empresa adxudicataria das obras, "Canarga, S.L." (que tivo entrada no rexistro xeral deste Concello na data 04/01/2019 co número 128), por medio do que solicita que se conceda á empresa contratista unha ampliación de 2 meses no prazo de execución das obras.

Visto o informe relativo á ampliación do prazo de execución das obras emitido pola enxeñeira municipal e directora das obras, Uxia Landeira Pereira, de data 04/01/2019, no que informa favorablemente o incremento de 2 meses solicitado pola empresa Canarga, S.L., a contar desde a data 05/01/2019, para a execución das obras.

Vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira do LCSP.





Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- Aprobación da ampliación do prazo de execución das obras do Modificado do proxecto de Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón en 2 meses a contar desde a data 05/01/2019, de acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data 04/01/2019.

3.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POR MIGUEL ANGEL VIDAL LOJO PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “EXCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA PLATAFORMA SUPERIOR LESTE DO CASTRO DA CIDÁ (RIVEIRA)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “EXCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA PLATAFORMA SUPERIOR LESTE DO CASTRO DA CIDÁ (RIVEIRA)”.“.

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 06/08/2015, a favor de “MIGUEL ÁNGEL VIDAL LOJO” (DNI 52.458.726-G), e o correspondente contrato asinouuse na data 07/08/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 7.846,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello na data 05/08/2015, constitutiva de fianza en metálico.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 28/09/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo técnico-director das obras Jan A. Cano Pan, da data 04/12/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 02/01/2019, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 7.846,00 euros constituída por “MIGUEL ÁNGEL VIDAL LOJO” (DNI 52.458.726-G), para responder da execución do contrato **“EXCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DA PLATAFORMA SUPERIOR LESTE DO CASTRO DA CIDÁ (RIVEIRA)”.**

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/12/2018 **“Decreto: Resolución de recurso de reposición contra providencia de apremio (Concepto: Taxa pola realización de actividades urbanísticas; Imposto sobre construcións, instalacións e obras – Nº Recibo: 2015 111911)”**.





2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31/12/2018 **“Decreto: Revogación de liquidacións tributarias (Concepto: Liquidación complementaria ICIO – Nº Recibo: 2016 40018)”**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Cándido Castro Sobrido**, de data 10/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.516), no que solicita a instalación de dous espello viais no lugar de Eirexa (Oleiros).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 14/12/2018 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a instalación de un espello vial á altura do número 5 do lugar de Eirexa, Oleiros (Iglaría de Oleiros), para garantir a seguridade vial debido á falta de visibilidade no cruce; según o sinalado no citado informe policial.
- b) **Autorizar** a instalación do segundo espello vial solicitado, pero neste caso, ao tratarse da saída dun recinto de carácter privativo, o propietario do inmovible deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, previamente á súa instalación.

2.- Visto o escrito presentado por **Ángel Blanco Tomé**, de data 08/01/2019 (Rexistro de entrada nº 243), no que solicita autorización para a celebración dun concerto o día 19/01/2019 entre as 14:00 e as 16:00 horas, na Rúa Alcalá Galiano (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** solicitude presentada por Ángel Blanco Tomé para a celebración dun concerto o día 19/01/2019 entre as 14:00 e as 16:00 horas, na Rúa Alcalá Galiano (Riveira).
- b) Dar traslado deste acordo ao solicitante así como á Policía Local para o seu coñecemento

3.- PARTICIPACIÓN NA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL 2019 (Selección de actuacións)

Vista a proposta do 9 de xaneiro de 2019, presentada por **Manuel Ruiz Rivas, Alcalde do Concello de Riveira**, na que solicita a participación na programación da Rede Cultural (Selección de actuacións) para o ano 2019 da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 2 do 3 de xaneiro de 2019), e que se transcribe:

“Manuel Ruiz Rivas, Alcalde do Concello de Riveira,

INFORMO:





Co obxecto de contribuir á difusión e á promoción da lingua, da música, o folclore, o teatro, a danza, o cine e demais manifestacións artísticas e culturais na provincia á Deputación Provincial da Coruña ven de publicar no Boletín Oficial da Provincia nº 2 de data 03/01/2019 a Convocatoria e bases reguladoras para a participación na programación da Rede Cultural para o ano 2019, establecendo o prazo de inscrición de espectáculos dende a publicación da convocatoria ata o 17 de xaneiro de 2019 ás 14:00h ; e o prazo de solicitude de actuacións, do 27 de febreiro ás 00:00h ao 13 de marzo de 2019 ás 14.00h.

Este programa contén os apartados que se relacionan:

- LINGUA A ESCENA: Programa de espectáculo profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientadas á dinamización social da lingua galega.
- ALICERCE: Programa de grupos de música, danza e teatro para grupos non profesionais.
- ESCENA AO VIVO: Programa que comprende de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, danza e música.
- VISIÓN: Programa de cinema e contidos audiovisuais.

Por unha banda, de conformidade co apartado 3.1-Inscrición de propostas artísticas do apartado programa ALICERCE, que regula o procedemento para a inscrición de espectáculos na Rede Cultural, a Concellería de Cultura ten interese en anotar ao Grupo Municipal de Teatro de Riveira e á Coral Polifónica Municipal de Riveira para a súa participación baixo as condicións deste programa.

E por outra banda, tense tamén interese por participar nesta programación da Rede Cultural mediante a contratación de espectáculos dos distintos apartados que se contemplan. Así pois, de conformidade cos apartados 1.2.-Contratación de espectáculos, 2.2.-Contratación de propostas audiovisuais, 3.2- Contratación de espectáculos non profesionais e 4.2.-Contratación de espectáculos de lingua o escena, o Concello de Riveira podería solicitar no apartado de Escena ao Vivo un mínimo de 6 actuacións; no apartado Visións un máximo de 8 proxeccións das que un mínimo do 50% deben ser produción propia galega; no apartado Alicerce un máximo de 6 funcións e no apartado Lingua á escena un mínimo de 4 espectáculos.

As porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos, establecido no apartado 5.2, en todos os programas é para Concellos de 20.000-50.000 habitantes do 60% Concello e 40% Deputación.

A participación neste programa conleva o cumprimento das obrigas establecidas nos apartados 1.3.- Escena ao vivo, 2.3- Visións, 3.3 Alicerce e 4.3 Lingua a escena.

De acordo co apartado 5.4.-Xustificación e pagamento establécese para os Concellos o seguinte:

- a) Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b) A Deputación aboalle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que deberán ser xustificadas de xeito individualizado na plataforma informática habilitada pola Deputación a tal efecto.
- c) Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

* Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

* Certificación ou informe no que se acredite a realización da función concedida.

* No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes na función concedida.





d) Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro polo cantidade aboada indebidamente.

A vista de todo o exposto desta proposta, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local:

- *Acordo para participar no programa Rede Cultural 2019 da Deputación Provincial da Coruña tanto coa inscrición dos espectáculos do GMT e da Coral Polifónica Municipal, como para a solicitude de espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras deste programa provincial."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación á participación na programación da Rede Cultural (Selección de actuacións) para o ano 2019 da Deputación Provincial da Coruña tanto coa inscrición dos espectáculos do GMT e da Coral Polifónica Municipal, como para a solicitude de espectáculos dos apartados contemplados nas bases reguladoras deste programa provincial, segundo o contido da proposta citada.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

